PROBLEMAS DE NOTACIÓN CIENTÍFICA E ESCALAS

1. Se unha célula dunha pranta mide 10 micras (1000 micras = 1 mm), e queremos facer unha maqueta dela que mida 35 cm, a que escala debemos representala? Expresa o resultado en notación científica.

2. O diámetro dun virus mide aproximadamente 0.00001 mm.

a. Expresa a súa medida en notación científica.

b. Se o representamos a escala $1 : 2 \cdot 10^{10}$, cal será a súa medida?

3. Quero facer unha maqueta do sistema solar, na que o Sol sexa un balón de fútbol (o seu diámetro é de 22 cm).

a. Se o Sol ten un diámetro de 1,3924 millóns de km, expresa a súa medida en metros e en notación científica.

b. Que escala debemos utilizar?

c. Se o diámetro da Terra é de 12.742 km, cal será o tamaño da Terra a esa escala?